

ALBERGUE XUVENIL BENIGNO QUIROGA (PORTOMARÍN)

INFORMACIÓN XERAL:

DATOS XERAIS:	Albergue con capacidade para 50 prazas en habitacións de 4 camas. Conta con sala de TV., sala para actividades, comedor, cociña, biblioteca, enfermería e instalacións deportivas do Concello, incluída piscina.
SITUACIÓN:	Atópase ao pé do encoro de Belesar na xacobeira vila de Portomarín.
ACCESOS:	Por estrada : a 28 km. de Lugo , autobuses desde Lugo todos os días. Por ferrocarril : Estación RENFE en Lugo (28 km.) e Sarria (25 km.).
ENDEREZO:	Albergue Xuvenil "BENIGNO QUIROGA" Sarria, 20 27178-PORTOMARIN (Lugo). Tel.- 982 545 022

QUENDAS E ACTIVIDADES:

QUENDAS	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES
OBXECTIVOS: Potenciación da participación, compañeirismo e solidariedade a través da práctica de actividades deportivas, acuáticas, socio-culturais e de tempo libre. Proporcionar aos acampados un pleno contacto coa natureza e o entorno artístico e histórico da zona.	
Aventura no Camiño 1-8 de xullo 11-18 de xullo 21-28 de xullo 1-8 de agosto	Iniciación aos deportes náuticos de vela e piragua Piscina Sendeirismo o GPS Bicicleta Barranco e tiro con arco Acampada Obradoiros e veladas nocturnas
Implica-T no Camiño de Santiago 11-18 de agosto	Actividades de voluntariado social, medioambiental e cultural Kaiak Piscina Barranco Bicicleta Visitas culturais Veladas nocturnas

NORMAS XERAIS

- Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias destes campamentos.
- Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ó campamento a **tarxeta sanitaria orixinal**, especialmente as de MUFACE, así como o talonario de receitas. .

3. Calquera incidencia de consideración será notificada ó teléfono familiar do acampado/a.
4. O teléfono para poder falar cos acampados é o número: **982 545 022**. O horario de atención será de 14:45 a 15:45 horas e de 21:30 a 22:00 horas. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Tendo en conta o elevado número de xoves e co fin de evitar que se colapsen as liñas telefónicas, debe evitarse chamar continuamente por teléfono, (os participantes poderán facelo despois da comida).
5. Os participantes incorporaranse na data e horarios establecidos acompañados dos seus pais, titores ou persoa adulta autorizada.
6. Ningún participante poderá abandonar o recinto do albergue sen autorización do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais ou persoa adulta autorizada debendo cubrir o impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores ademais de fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada de se lo caso. Prégase non facer visitas de non ser necesario co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
7. Débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos que estean a tomar os participantes, e mesmo as alerxias, doenzas ou calquera outra incidencia que consideren de interese a ter en conta nestes días.

Os directores de actividade teñen prevista a organización dun “Banco” de cartos e móbiles (con funda e cargador).